

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, Id. 2 »

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal


Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 34

A CRUÑA 20 D'OUTONO DE 1917

## O SANGUE DA RAZA, por CASTELAO



FERRER · CORUÑA

P. MUIÑOS: — ¡Si S. E. fose galego....!

POR PRIMEIRA VEZ

## Desfacendo "pespuntes" e facendo xusticia

SINTINDO verdadeiro noxo, leímos dous parvos artigos en *El Ideal Gallego*, nomeados *Pespuntes*. Imos falar d'eles, pidíndolle denantes ós nosos lectores disimulen que soio por unha vez a violencia en mangas de camisa, teña acollida eiquí. Pra darlle leiciós a un gafián sobran todal-as finuras. Levamos un ano de vida conquerindo bos éisitos que nos poñen ledos, pro ende-xamais as columnas d'A NOSA TERRA, cheas de pasión apostólica, de nobres xenreiras latexantes, chegaron a emporcárense.

Di como falas e direiche quen eres. O autor de *Pespuntes* fala de *albañal*, de *cloaca*, de *colector de detritus*, de *evacuatorios*, de *eméticos*, de *pienso*, de *limachas*, de *bazofia*, de *pimenta*, de *cheiros*, de *agullas de colchón* (con elas fai os seus artigos) sintíndose verdadeiramente ousesionado por tales verbos, que son o *leit motiv* das suas prosas. ¿Non teríamos, pois, dereito a consideralo barrendeiro d'oficio, cuio ideal mais outo é o de comer, o descoer e dormire? Nin o plebeyisuno de *Falstaff* nin o de *Sancho Panza* ficaron tau baixo. Guerra Xunqueiro atoparía eiquí motivo pra facer unha nova poesía parella d'aquela «sesta» que leímos na *velhice do Padre Eterno*.

O triste e que iste esprito de barrendeiro está acochado no corpo d'un coengo, *canónigo*: d'un *canónigo* da catedral de Compostela, da gran catedral galega, onde hai homes doutos e respetabres!

Xa se sabe que cando un barrendeiro mal educado pónse a rifar con alguén, aldraxa a tod'o mundo, botando pola boca canto a ila lle vén. Pois o mesmo ll'acontece ó autor dos *Pespuntes*. Pra contestarnos a nos, aldraxa a Galicia, aldraxa a Correal—un señor que non se meteu con il pra nada—aldraxa ós canónigos galegos de Toledo.

No térreo dos cabaleiros—non se fixeron as margaridas pr'ós porcos, nin a mel pr'ós burros—tal xeito *apolíneo* e *cerdánico* tería de sere despreciable. Mas pra rechazar a agresión d'un barrendeiro mal educado, é perciso defendérese usando as mesmas armas que il usa.

\* \*

Dicíamos que aldraxa a Galicia, e ó longo dos *Pespuntes* poden acotarse os aldraxes. Mas trátase d'un cefalópodo, que ten os pes na cabeza—pior é ser cefalópodo que *gastropodo*, xa que inda cos pes no estómago pódese levar a testa moi outa—e con iles escribe, fallo de senso común, cometendo grandes fallas de sintáxis,—por exemplo:

*cada uno tengamos que limitarnos*, etc.—desconecendo o valor das metáforas e o mais rudimentario da fisioloxía—*charro de sangre y gallego de corazón; cacodilato de espúreo nacionalismo; xenofobia paleolítica* (ou o moderno ou o antigo, señor).—Tampouco sabe o significado de *evolé*.

...«En cambio, a Galicia tendrán que volver paralelamente los cientos de miles de emigrantes y empleados gallegos, desde el ministro al maleta que pululan en todos los confines del orbe (o criterio castelanista d'adoito: que os galegos soio servimos pra mozos de corda e ministros). «Pónganselo en cuenta a aquellos *Suevos* (¿por qué con letra mayúscula?) que no eran españoles, y se colaron de rondón y se quedaron en Galicia, a pesar de los gallegos...» «Galicia, saldrá perjudicada por su gran fecundidad y exceso de población que necesita válvulas de alivio.»

¿Non vos decatades do grand'amore á nosa terra que latexa n'istes trechos de prosa sin xeito?

Pois agardade: «VINE DE TOLEDO, EN CUYA

\*\*\*\*\*

Fai falla peneirar moito, dixo n'un artigo Xaime Quintanilla o persistente da «Irmandade da Fala» no Ferrol.

E a peneira traballa. Traballa sin trégoas. A palla vaise asoparando do grau.

Véñense dando de baixa nas «Irmandades» cantos entraron n'ilas por arela de novedá e de vanidade. Cantos soñan con rubire acarón do vello caciquismo.

En troques ocupan os valeiros das listas, nomes novos, de rapaces cheos de fe e vountade.

Nin un soio dos que se dou de baixa deixa de tere contaoto c'os caciques.

Sigue traballando a peneira, e istos traballos fannos doado o conecimento de cales e cantos son os xornás inimigos da libertade e o progreso galegos.

Peneiremos inda mais, irmáns, pra deixamos tod'a palla a unha veira onde poida prendérselle lume, tendo o grau a salvo.

Adiante co'a santa labore galeguista. Labore de sacrificio porque ê de redención.

\*\*\*\*\*

CATEDRAL HABÍA CUATRO GALLEGOS, CANÓNIGOS, UNO DE ELLOS DE OPOSICIÓN Y TRES... DE CACIQUISMO GALAGIO. NO HAI EN AQUELLAS TIERRAS QUISTES DE CAFRERÍA, COMO EN GALICIA.»

En Toledo—pr'ô barrendeiro autor de todo isto—«incluso los periódicos regionalistas conocen y practican la cortesía». ¡O rexionalismo de Toledo! Home, non faga rfr...

E veña aco: ¿e cortés quen aldraxou feramente ós rexionalistas catalás e ós nacionalistas galegos? ¿E cabaleiro quen, pra rebatirnos a nos, ofende a un alleo á custión, com'o Sr. Correal, ofende a Galicia e ós canónigos galegos de Toledo?

¡Ah pillín que nos colliches n'un grave erro que ven a sere com'o esqueleto dos teus *Pespuntes*! «Salamanca non pertence ó Castela; pertence a León». ¿Pro ñoras—porco en rústeca—que pra nos, que falamos en senso político, o mesmo que pra catalás e bascos, *castelá* é dentro da Península canto pobo imprega únicamente aquil idioma, sin grandes diferencias fonéticas? ¡Pasácheté de listo! O que s'adevirte en ti é un fondó de sexo de faguer un nome de polemista en Galicia; unha tola cubiza por conquerir fama. E a tua fama vai sere moita, pro nas escadrillas de limpeza dos municipios. Tes áas de galiña, e con istas áas soio pódese peteirar no chan, soio poden comérense miñocas.

Oya vosté, Cerdán da gandería de Carreros:

Perguntáronlle unha vez ó noso distinto irmán Fernández Flórez, en Madri:—¿Por qué, falando como fala do centralismo, ven vosté eiquí?

—Porque en Galicia tiña moita competencia...

\* \* \*

Agora en serio. E impropio d'un *canónigo*, o linguaxe empregado dende fai tempo n' *El Ideal Gallego* pol-o autor dos *Pespuntes*. Iste canónigo, sería chamado ó orde-millor dito non sería xa canónigo—c'un Morgades, un Casañas ou un Torres Bagés, catalás. Sería menos aínda c'un D. Antolín López Peláez (astorgán ilustre) que en Galicia adepreudeu o galego e en Cataluña o catalán, chegando a perdicare na lingua de Verdaguer na Basílica de Zaragoza, antr-as protestas dos *castelaístas*. Tampouco s'estrevería a erguer o berro si D. Manuel Lago González ou o Sr. Eixo, fosen seus superiores.

¿Por qué se tolera en Compostela? ¿Por qué consintese que un canónigo castelán—que como de fora da rexión e coma cristiáno debere, si tivese discreción, desbotarse de toda guerra, evitando xenreiras—veña a aldraxar a homes de nobre corazón, de nobres sentimentos, que, trabucados ou non,

son dinos de respecto xa que perdican unha política pura? ¿E que en custións familiares deben entrometérese os estranos? ¿Non ten motivos Galicia pra desconfiare de todol-os cuneirismos? ¿Inda tratándose d'un esceso de celo pol-a nosa parte, non son soio os galegos que nes deben opinare no derradeiro termo?

A doutrina que nos sustentamos, sustentáronna Brañas e todol-os rexionalistas galegos, sempre. Non queremos Galicia pr'ós galegos; querémola pr'ós galegos e aqueles compatibres, por axeitamento, c'o galeguismo. Pra nós, non hai custións de malo ou bô goberno; soio hai a custión do goberno propio.

\* \* \*

E non val mental-a soga na casa do aforcado. Si en Galicia houberse un forte sentimento nacionalista, coma en Cataluña—¿eiquí do!—non se daría o caso d'unha maioría de canónigos *castelás*, n'unha catedral galega: a de Compostela. Pol-o mesmo camiño vaise n'Ourense. Non ocurrirían casos com'o de un insigne galego que opositou moitas veces, con gran competencia, sendo suspendido. Non sufriría o que sofreu certo cultísimo archiveiro. Non deixaría de ser

párroco d'unha capital galega un douto crego enxebre. Non se daría aquil xeito estrano do maxistral de Xaca; nin o caso *Zenitram*. ¿E non temos razón! Falaremos mais craro de sere perciso. Pra que nos oyan os xordos. Porque estamos ricibindo cartas con datos sóbor o caciquismo eclesiástico salmantino que trunfa en Galicia, traguendo às veces *ars sevillanos*.

#### ENVIO:

Sr. Cardeal Arzobispo de Compostela: Hai na Cruña un xornal que se chama católico e rexionalista—*El Ideal Gallego*—no que s'adimiten cousas porcas, heterodoxas e antigalegas. Iste xornal foi combatido pol-o colega seu de Lugo *La Vos de la Verdad*. Foi combatido por un mestre católico. Foi censurado pol-os mestres de primeiro insiño da Cruña, N'il publicóuse literatura erótica; literatura de recendo materialista; n'il ofendeuse às probes montañesas luguesas; n'il inda fai tres ou catro datas había ista exclamation: «¡Guardita sea la leche que mamaste!»; n'il publícanse os regramos dos espectáculos de todas crases, verdes e maduros. E como podemos amostrar o dito, ficamos con moito respecto às suas ordes.

#### CONSIDERACIÓS AXEITADAS

## A ESALTACIÓN DO EGOISMO

NA esfeira do individual e particular pode adimitirse, como cousa certa e que non deixa lugar a dúbidas, que un fondo sentimento de adhesión ós demais trae sempre aparelado algo eisé com'a renuncia a estima forte que un debe gardarse a si mesmo. N-outros termos, todo o que sexa entrega incondicional ós demais, altruismo, implica d'un modo rotundo e categórico o desprecio da propia personalidade, o rebaixamento da consideración que pra o propio *eu* debe gardarse. Do mesmo xeito que sucede no individual, sucede no colectivo. Por algo a colectividade é o espello onde se refrexa con multiplicidade extraordinaria o individual. Agora ben, sendo isto eisé; tomando como verdade incónea o precedente e admitindo como san e salvadore o principio popular «a caridade ben enxerguida comenza por un mesmo» non debían abrayar, non poderían abrayar, si a elo non obrigasen as consecuencias, istos movementos descentralizadores, nazionalistas, de reivindicación da personalidade nacional con que, as nazionalidades vivas qu'integran a artificial España d'hoje, pertenden salvárense, percisamente nos momentos en que cada pobo debe traballar pra si mesmo

buscando a sua salvazón, sin agardar axudas extranas que non chegarían endexamais ou chegarían tarde. Perside en todos istos movementos reivindicadores de carater nazionalista un algo a xeito d'egoismo salvadore que, en por iso sere egoismo ten ¿quén sabe si a pesar seu? —e valla a paradoxa—

un moito d'altruismo, altruismo que, pesi e á sua inconscencia, é laudable, merecente de supremas gabanzas.

Cada rexión traballando pra sí, pra a sua liberazón, sin cuidárese das mais, dentro d'ista artificiosa unidade da morte que se chama o Estado español, e, pese ó que digan os oligarcas da Meseta, os ben avidos có actual estado de cousas, algo que direutamente redunde en beneficio do todo armónico e supremo que se chama o Estado. Eisé como no campo d'aición da cultura sempre a especialización tivo de trunfar, imponéndose, sobre do enciclopedismo; do mesmo xeito, no terreo das outas especulaciones políticas os procedimentos unitarios e simplicistas fracasaron ruidosamente e no seu lugar tiveron de prevalecere os procedimentos descentralizadores, antiunitarios, de variedade dentro de una unidade superior, de una unidade polimórfica, que isto e non outra cousa é, en suma, a resultante dos esforzos feitos pol-os egoismos rexionales ó fundírense n-un egoismo superior: o do Estado.

O egoismo é o poderoso arriete que ceiba á acción as determinacións humanas, imprimíndolles o vigoroso impulso qu'a propia estima do *eu* leva en si mesma. Cando n-un pobo deixóuse sentir o propio valer e os seus cidadanos adquiriron consciencia da sua significación e das empresas qu'estaban ó seu abranguemento, ise pobo, con xeito valente e arrogante, emprendeu o camiño da sua pelinxenencia e por derriba d'oustáculos e de contratempos terá de chegar a abranguere o fin das suas aspiracións. Pra estimar ós demais hai que començar por estimárese un a si mesmo. Dende o momento en que isto sucede, tratándose d'un pobo, iste pobo que non está na abyección que s'atopa mui lonxe da abyección—estado no que s'atoparía de non ha-

### PINTORES D'ALMAS

#### SOBRINO

Pol-as homildes encrucilladas  
abandonadas,  
que teñen deixos de tradición,  
recolle a ensunlla dos seus motivos,  
anacos vivos  
da realidade y-a inspiración.

Nas vellas ruas das aldeñas  
busca as almiñas  
que alí se axuntan a parolar,  
formando corro todas sentadas,  
escrequenadas  
ond'ó cruceiro, pra mermurar...

A paz calma que hai nas calexas  
e nas igrexas  
préstalle un arte de tal primor,

que entr'o feitizo que trai gardado  
anda o pasado  
batendo as alas pol-o arredor

Dalle os currunchos acougadiños  
os acariños  
d'unha lembranza da antigüedad;  
e topa vida nas vellas pedras,  
cubertas de edras  
pol-o abandono y-a soedad.

A yalma enteira das almas nosas,  
sempre saudosas,  
tên pra él anacos de corazón...  
E pol-as suas encrucilladas,  
sempre caladas,  
síntese o paso da tradición...

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

bérese recobrado a si mesmo co-a creación da conciencia do seu propio valer e da súa propia superioridade—sentirá as acucias insuperables d'abranguere pra a súa persoalidade a perpetuazón e o trunfo, e estonces, todo o seu esforzo, posto o servicio d'ista ideya, esgrevia e outa, terá de tragerlle como resultado a sna redenzón total.

Agora ben, contra isto qu'è o humano, o lóxico, o que naturalmente sucede e ten que suceder sempre, antrementras eisista humanidade, érguense, eiquí en España, as voces de quenes, por imperativo d'un egoismo dañino e perxudicial—o egoismo dos tirans e dos oligarcas—ollan no despertar d'enerxías rexionaes un perigro pra a súa funesta hexemonía. Por outra parte, é posible qu'a razón de moitas protestas sexa, única y-exclusivamente, a imposibilidade en que se ollarían determinadas rexóns españolas pra vivir a súa vida, dende o momento en que non puideran gravitar, como ago-

ra sucede, cal un corpo morto, com'unha cárega pesada ou un lastre inútil derriba da vitalidade d'outras rexons, irmans soyo cando conven, inferiores cando o que se sinte dícese sin tapuxos nin rodeos. Ademais, pertender acomodar o paso e as enerxías d'orgaismos novos ôs tropezos e as debilidades d'un orgaismo caduco e decadente é non soyo ausurdo sinon criminal. Que o que teña aás voe e o que teña que camiñar arrastrándose que sufra a súa sorte. Hai solidaridades que conducen indefectiblemente ô aniquilamento e â morte; rebelarse contra isas solidaridades e loitar contra o vergoñoso fin de todol-os capados e os impotentes, é sintire virilidade e enerxías, é, en suma, non resñarse a sere arrastrado por isa decadencia fatal que levaría a España â morte, de non surxir como algo salvador o sentimento nazonalista nas vellas nazonalidades que compoñen Iberia.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## Labra e as "Irmandades"

### Unha «interviú» c'o ilustre político

PARA «A NOSA TERRA»

ONTE mesmo, n-a senorial mansión de Rafael María de Labra, onde todas as cousas, ainda as máis miudas, teñen unha forte evocación de cultura, ouvín dos beizos diste home curtido n-a loita da liberdade, moito que calo por natural reserva, e moito tamén de indiscutibel intrés pr'os bos fillos de Galicia.

Ben quixera ter a man unha longa nota estenográfica pra facere con toda esautitude a reprodución de canto m'él dixo. Pro como de la carezo, heime de limitar a dare un compendo do estraudo das lumiosas ideias qu'en máxicos feixes emerxían dos autorizados miolos diste barudo paladín da santa causa da redención humana.

A outa persoalidá de Rafael María de Labra relévame, dende logo, de presentárvolo.

Canto il falou foi complemento do que n-outra hora, aló na vetusta Compostela, me dixera: «Manuel María, usted que es joven, no olvide que hai tres puntos que decidirán de nuestro porvenir: Autonomía sin separatismo, Unión ibérica y Unión hispano-americana.» (De *La Voz de Galicia*, 5 de Agosto 1916.)

E istes tres fundamentaes probremas abordóunos con soberana claridá. O primeiro punto encadeóuno c'o actual rexurdimento das Irmandades da fala, que levan envolveitas no seu seo as deica d'agora malfadadas aspiracións da nosa terra.

Empauliñóu con acorante amargura o caciquismo que s'ergue no curuto da meseta

central y-o outro caciquismo de baixa ralea que pon o seu castelo roqueiro sobor das costas dos nosos honrados labregos.

Da Unión ibérica, que é un dos lemas emblemáticos do seu lábaro redentor, fai chave a unica rexión española verdadeiramente identificada co-a veciña e progresiva República: Galicia.

Ninguén, como il, estudióu tan o detal os elementos integrantes do pobo luso; dígano, si non, as meritísimas obras que levan por títel. *La literatura contemporánea de Portugal*, *La legislación portuguesa contemporánea*, debidas â ben tallada péñola diste afortunado debelador da escravidá.

Por isto, porque ademais conece o pobo galaico moito millor que moitos n-il nados, revístense as súas parolas de certo doumatismo convincente qu'avalora canto di.

Galicia ó meu entendere—decíame sentido â miña veira en mol escano—é o biorto espiritual, étnico e idiomático dos dous Estados irmáns.

Non fai falla pra o así comprendere máis que unha debida ouservación. De que é cal dixen, con toda sinxeleza o sinto.

E non falemos da Unión ibero-americana, porque canto se poida decire é cativo si se compara co-a mañitude da empresa. Decote a defendín con ergueita firmeza, porque é a fonte viva do noso despertare si queremos francamente afirmar a nosa persoalidade nacional.

Galicia, por isa privilexiada situación

xeográfica, por ises portos e rías que podían têr o leito d'ouro, pol-a inxente inmigración galiciana, n-as Américas, debe sel-o vencedor, ou *nexum* moral, que aparelle y-encarrile ista nobre tendencia que conta os adeptos por millós alende o Atlántico.

Do que en tal sentido facerse pode, dito está no discurso por mín pronunciado con motivo do Certame literario de Compostela fai pouco máis d'un ano. ¿Pra qué recordarlo si vostede foi un dos que m'ouviron?

—¿.....?

—E certamente abafante qu'eiquí en Madrid donde tanto galego hai de valimento, e con unha colonia aplastante pol-o numerosa, sexan tan probes e desleigados os dous centros con que hoxe conta.

Pro xa é sabido: eiquí búscase o medro político; anque o demo leve a terra.

Eu organicéi unha serie de conferencias n-o Ateneo: secundaronme Rodrigo Sanz, Aurelio Ribalta y-un coengo da Metropolitana de Toledo, López Carballeira.

Con iste terminaron. Eran de carácter enxebremente rexional; pro a defendel-o paso honroso soio acudieron tres esforzados e cultos gladiadores.

—¿.....?

—Os Estados pequenos teñen a contra da súa estreita limitación. Ista guerra é o millor insino n-iste punto. O separatismo fai o mesmo efuto que si unha por unha separásemos as distintas pezas d'unha máquina: a falla d'unidade orgánica espallaría o potencial con resultados contraproducentes.

Pro unha ampla autonomía, tan ampla como o permita o asquileto da unidade peninsuar ise é o camiño.

Castela tarde ou nunca reconocerá os beneficios da descentralización funcional, medio senlleiro de que o presuposto, autónomicamente administrado, poida s'esperxer na medida das necesidades rexionás.

Erguéuse o venerabre patricio, y-o darne a mán, díxome con firente convicción: «Sin Castela, España non sería España; pro Castela matará a España.»

MANUEL MARÍA.

Madrid, 3-x-917.

## TEATRO GALEGO

Cô modesto nome d' «Ensayo de Compañía cómico-dramática», deron catro representacións no Teatro Rosalía Castro, unhos rapaces e donas de boa vountade, que levan en mentes o loitar pol-o rexurdimento do teatro galego.

Das catro obras que levaron â escea, unha d'elas foi o drama *Escravidá* de don Manuel Lugo Freire. Drama de fondo doutrinario, no que brila un forte agarimo á Galicia, e no que se pregoa, escea trais escea, qu'o amore que latexa pol-a nosa terra nos

peitos dos persoaxes da obra, latexe tamén a cotío no corazón dos fillos de Galicia. Do drama, xa d'abondo conecido, non podemos decir mais do que lévase dito. E unha das obras teatrás do apraudido autor de *Mareiras*, na que puxo tod'ô fogo e o calore do seu enxebrismo ô servizo de Galicia como ten por costume o vello loitador galeguista, quen si n'algunhas cousas somella o non sel-o, non é mais que por lixeiras susceptibilidades fillas do seu amor á terra, e qu'él non quere fitar nos feitos dos demais.

Os aitores á carrego de quenes estivo o desempeño d' *Escravitud*, quedaron a gran

outura, soborsaindo entr'eles o Sr. García que fixo un Crisanto inemitable, a Srta. Armesto no de Pilara, e o Sr. Troncoso no difizle de Román, no que tivo momentos de verdadeiro gran aitor. Reciban todos nosas mais sinxelas gabanças, e pregámoslle non desmaien na patriótica i-enaltecedora obra qu'emprenderon, e que proben a repensantare un domingo *Escravitud* ou calquer outra pol-o xeito, a ver si anunciando-a ben, esperta a af-eizón ô noso teatro entr'o pobo galego.

¡Adiante rapaces!

RICARDO CARBALLAL.

## PRA VERGONZA DE GALICIA

### Un caso dino de meditazón

**X**A n'è cousa de calarmos. Algús xornás da rexión, con cativa mala fe, puxeron pouco piadosos comentarios ô feito de que Ramón Cabanillas acetase o cárrego de Segretario do Municipio de Mós.

E hai que sairilles ô camiño a ises mal intenzoados. Hai que falar outo e craro.

Ramón Cabanillas é un poeta xenial, un poeta da outura de Rosalía Castro; un gran poeta, honra da nosa terra. Sabémolo todos; díxoo a crítica.

Engayolábamos o espírito c'os seus versos; engalanábamos con iles nosos xornás e nosos boletis. Mas, ô mesmo tempo, pesi-a tanto rexionalismo de labres a fora, pesi-a ô grand'amore que dende pouco acó desenrolóusenos na y-alma, ninguén quixo perguntárese: ¿De qué vive o poeta, cómo vive o poeta?

¡Ai s'operguntaran! O poeta ten muller e seis fillos; o poeta traballa rexamente, pra conquistar un cativo anaco de pan, pra podere vexetar de maneira doorosa.

Ninguén s'achegou a il pra brindarlle axuda; ningún xornal galego dos que pagan tantas colaboraciós ridículas, l'ofereceu unha. Pra calquer homenaxe pidíanlle versos; pro ¿quén lle pagou endexamais ises versos?

¡Si os poetas poideran hipotecar anacos da inmortalidade que l'es agarda, ôs usu-reiros! ¡Pro a usura non enxergue d'iso!

Xa sabemos que cando Cabanillas morra—e ogalá sexa tarde—Galicia enteira, com'as colonias galegas d'as Américas, faránlle garimosos homenaxes. Entón será a hora das gabanças e das xusticias. Tamén a dos prantos, lembrativos dos do cocodrilo.

Pro namentres viva, que viva como poí-da. ¿Non é eisi?

Pois xa tedes o pago; xa tedes o pago, hipócritas, fariseos, sepulcros branqueados. Si tivese algo de vergoñoso o feito de que Ramón Cabanillas acetase a Segredaría de Mós, o vergoñoso sería pra Galicia, sería pr'ôs galegos, e non pr'ô poeta.

Perguntádello os catalás; preguntádello ôs estranxeiros...

Cabanillas percisa comer, percisa soster sua familia. Porque sin comer non se vive. ¡Si fose soio; si non tivese fillos!...

E o caso de Cabanillas, é un caso que véense dando a cotío na nosa terra. Son moitos os homes que viñeron á nosa veira, que sinten coma nos, que pensan coma nos, e que, n'oustante, cheos de tristura tiveron que deixarnos porque—pesi ô seu talento—de non deixarnos non poderían vivire. E non poderían vivire, porque eiquí soio se protexe ôs escravos, facendo unha seleición ô revés.

D'estes homes, sin embargo, moitos d'iles nos axudan; moitos d'iles nos apoian, percurando que ninguén se decate da sua axuda. Son pra nos unha forza. E collen nas «Irmandades»; e témolos por bos.

Pro volvendo a falarmos de Cabanillas. Cabanillas non renega do que sinte por acetare unha Segredaría. Cabanillas sigue sendo dos nosos; sigue pôndo o lume da fe nos seus versos meigos. Cabanillas non to-

lerará xeitos d'escravitude. E como é bó, como é poeta, como é humanitaria, amigo da xusticia, inda da prosa d'un Municipio pode facer unha obra poética. Pode facer de cada labrego escravo un home libre; de cada aldeano un señor, un nazonalista conscente. Pode facer da sua autuación política, un obra d'arte. E Mós, mañán, quizais fique conquerido pra nos.

Mas, inda que eisi non fose: quedarían-nos os seus versos, quedaríanos a vergonza e o remorso de pensare no esquecemento no que tivemos a un gran poeta.

Chorarémolo en morte; pro entón, alguén perguntará: ¿Qué proteución lle díchedes en vida; cantos d'ises gabadores da poesía galega, cantos d'isos políticos do rexionalismo ortodoxo lle tenderon a sua man?

Os que agora censuran a Cabanillas, pasarálles o mesmo que a aquiles que escupen ô ceoyo: que a censura lles virá a caer nos ollos.

Cabanillas sigue sendo noso, sigue sendo o irmán da y-alma, o pirmeiro poeta nacionalista.

Il faínos lembrar da poesía de Shiller: «Cando Deus reparteu a terra, e xa feito o reparto, atopouse c'un homiño que non pídiera nada, porque achábase entretido olland'o ceoyo. Deus preguntoulle: «¿E tí?» E il contestou: «Fitand'o ceoyo, ás estrelas, á outura azuada coidei cativo rifar c'os veciños por un anaco de chan». E Deus díxo: «Xa que non teño terra que darlles ôs poetas, gardareilles un lugar no ceoyo.»

A revolución dend'enriba foi esco-rrentada do Poder; a revolución dend'abaixo foi barrida das ruas. Non coneciamos os pesimistas outros meios de trasformare a España.

DIONISIO PÉREZ.

## SOLAYOS

Chora o bon bardo irlandés: do seu fillo a morte chora, quen por defendel-a pátria cae na derradeira loita.

O cego Ossián, da sua arpa, arrinca doridas notas que son saloucos d'un alma embrullados en congoxas, desacougos e triganzas que van se á trocar en coitas, pois cal dardos aceirados no seu corazón s'esfondan.

Chora Ossián, chora o gran bardo: a pérda de Oscar él chora, d'aquel valente adalide d'aquel noble patriota,

A Cruña.

en quen viña á rexuntárese e a rexurdire con gloria toda unha raza baruda, toda unha raza vizosa.

D'arpa do Homero irlandés non saén méldas notas se non salayos tristeiros, dúbidas degoradoras pol a falla d'aquel fillo que na derradeira loita morreu, defendendo a patria • contra xentes opresoras, que da nosa irmán, a Irlanda, facer queían por forza, d'un pobo feliz e libre homilde pobo de ilótas.

FUCO DE TABEAYO.

## O PROVINCIANISMO RIDÍCOLO

**Pol-o que rifan as vilas galegas**

«Dentro d'ista concepción do Estado unitario, a provincia non tiña sustancia de seu, non era nada, nin unha parte samente; era un anaco, un trecho, un fragmento. O verdadeiro *Provincialismo*, atopábase ben con iste estado, quería manter e poseer en tod'a sua prenitade as características de provincia; loitaba desesperadamente, com'a Cruña anos atrás, pra que non lle levasen unha capitania xeneral, pra que non lle topasen a unha audencia ou non lle deixasen sin tal ou cal comandancia, escola militar ou fábrica de tabacos.»

(Do libro de Prat da Riba, «La Nacionalitat catalana.»)

**D**ECÍAMOS no número derradeiro que a Cruña—porque a Cruña non son o *Ideal Gallego* que nos puxo en ridículo, nin o alcalde—non pideu nin pensou pidire ningunha compañía de artilleiría. Coidamos que Vigo e Ferrol tampouco. Os mais pobos, si. Os mais pobos rifaron con fera carraxe por mor de «catro soldados e un cabo.» Puxeron en pe de guerra as suas «forzas vivas.»

E isto a mais de parvo resulta antipatriótico. As guarnicións militares deben situárense onde fagan falla atendendo ás necesidades estratéxicas. Que pra darlle gusto a un pobo, leváranse as tropas a onde non deberan levarse, tería de ser perxudicial. De maneira que hai que respètar as disposicións das autoridades.

Pro isto «moi español», froito do costume do favoritismo, non nos intresa.

O que nos intresa dicire e que as «forzas vivas» de Santiago, Lugo, Ourense, Monforte e Pontevedra que se puxeron en vergoñoso pe de guerra, rifando unhas c'as outras, espertando xenreiras interpopulares, pra conseguire un reximento, son isas mesmas forzas mortas pra tod'o mais. Son isas mesmas forzas que calan ante os salvaxes retrasos dos tres, ante a crítica situación dos labregos da provincia de Lugo, por falla de trasportes pr'ò sal e o gando; ante os layos dos cosecheiros da provincia d'Ourense que sentirán a perda dos viños, si non se lles poñen vagóns nas estacións de Barbantes e Ribadavia; ante os pregos dos fomentadores pesqueiros d'Ortigueira, Viveiro e outros pobos, ante as arelas «europeas» dos ferrolans pol-o ferrocarril da Costa.

¡Tristes «forzas vivas» as que cimentan o progreso dos seus pobos na eisistencia d'un reximento! Un reximento obtido por favor repersenta un censo continuo pr'os municipios. E en troques d'isto non sabemos das suas ventaxas no orde material. Beneficiará a un ou varios contratistas; pro axudará á rubida dos prezos das subsistencias, pra contra dos que viven d'un xornal ou d'unha renta fixa. N'outros ordes—fora da satisfacción de ollare defensores da patria pol-as ruas e

do «xeito decorativo» —pode ser ledicia das criadas, pol-os soldados, das señoritas, pol-os oficiaes. E...acabouse.

¿E por unha cousa eisí rifan parvamente, vergoñosamente, fratricidamente as vilas galegas? (Fagamos a esceución da Cruña, Vigo e Ferrol.)

E en troques esquécese dos probremas da campía, da nosa verdadeira riqueza; deixan orfos d'insino e proteución os labregos; déixannos estambullados ô marxe da cibdadanía, coma probes mendigos do direito carregados de todol-os deberes, que soio son tema d'artigos cando caen tráxicamente, coma en Nebra e Osera.

A data do 12 e de triste lembranza. O 12 fixo un ano que caeron traxicamente en Nebra vellos e mulleres por causa d'un preito caciquil. Foi sangue d'irmáns nosos, de labregos irredentos.

Non unha bágoa, senon o xuramento de loitar con fereza pol-a redención da terra escravizada, deica abranguer a santa liberdade, ê a ofrenda que facemos oxe no altar enloitado da patria. Logo de queimar, coma cousa simbólica, un exemplar d' *El Imparcial*.

¡Vítimas de Nebra, hai bós galegos que endexamais vos esquecerán!  
Xa chegará a hora de favervos un solene homenaxe.

## 3) FOLLETON DE «A NOSA TERRA»

## CERTAME DE «MARUXA»

**Ramón Cabanillas, poeta da raza**

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

instinto. E o seu canto foi bô. Todal-as ansias da raza, no que teñen de naturás, atoparon nos seus versos o niño cubizado, xa que estes versos eran latexos ateigados d'amore e dolore, cando manseliños, cando cheos de xenreira, d'un corazón feito anacos.

O de Cabanillas viña sendo un nome ñorado; ninguén conecía a Cabanillas como poeta; hastra entón non publicara versos, e si tivera relacións co'as musas, estas relacións foran escuras. Escomezou facendo traducións de Verdaguer, de Rosetti, de Catulle Mendés ô galego; logo dou ôs boletís de Cuba algunhas poesías propias, e xa, pol-o derradeiro, obedente ôs pregos dos amigos—pois il non sintía a vanidade nin o afán do nome, como inda o non sinte agora—alumeou un libro, seu primeiro libro *No Desterro* (1913) onde xurde mais coma realidade que coma esperanza, o grorioso e xenial autore do *Vento Mareiro*.

Nosos irmáns de Cuba, orfos de todo prexucio críteco, amostrando unha vez mais o de *vox populi vox Dei*, escomezaron a ollar en Cabanillas un dino continuador de Curros, samente difrente de Curros, en que iste foi poeta dinantes do desterro e aquíl fíxose poeta no desterro.

Cabanillas non percisou d'aprendizaxes, deveu poeta dende que publicou sua primeira poesía. E sua primeira poesía foi froito da maturidade xuvenil. Non fixo o bachillerato da rima. Poeta *ad nativitatem* co'a y-alma chea de saudades pol-a familia e pol-a terra, cantou cando tiña de cantare; cando o ambiente, como o ár os arbres, puido abanear as cordas da sua lira, irmá da que empregou pr'á *Encomenda*, Curros. A raza falou entón pol-os seus labres. Tendéu o esprito antre palmeiras, dinas de namorarse dos nosos pinos, baixo o sol dos trópicos, e n'il cal n'unha placa fotográfica, ô influxo da doce morriña, fono dibuxándose os paisaxes da terra lexana.

E aqueles poetas que cantaban por afición en rimas artificias, sin saír dos vellos moldes dos precursores, pais groriosos do primeiro renacemento literario galego, ficaron eclisados pol-o xenio do novo vate.

\*  
\* \*

¿E merecente algún poeta, coma Ramón Cabanillas, do nome de poeta da Raza? Deixemos de man o conceuto centífico de raza mais ou menos discutibre. Tomemos o nome de raza n'un senso mais limitado, mais concreto, rífríndoo a aquela difinición da Patria que dóunos Ganivet ô dicire que ê «a cantidá de meio que de pequenos asimilámonos e que forma parte latexante do noso ser físico e coase do noso ser psicológico.» Ista patria eisí difinida eisiste coma cousa natural e cantos sntanna e esprénna, levando drento de si o sello do paisaxe e do ambiente que a integra, terán de sere individualidás d'un pobo difrente dos outros, capaces de trasmitire características fixas, de cuio conxunto xurde o que chámase, trabucadamente ou non, unha raza. Ollada eisí a raza galega, ninguén coma Ramón Cabanillas pode merecer o nome de verdadeiro poeta d'ela. Porque Ramón Cabanillas nacéu á vida pública, cando Galicia arelaba reconstituire seu idioma pra facelo non soio instrumento d'espresión poética, senon bandeira de reintegración política e social. E Ramón Cabanillas crênte na compatibilida-

A SOCIEDÁ DE LABRADORES DE LUGO

## Cambó e as "Irmandades da Fala"

A *Sociedad de Labradores de Lugo* mandou ó *Gobierno* iste telegrama: «No nome de sete mil labregos acudimos ó Poder manifestando que estamos fallos de sal pr'á salazón das carnes, véndonos n'un grave conflito. De non traguernos sal a tempo haberá perda pol-o valor de dous millóns de pesetas, samente no termo de Lugo. N'outros municipios socede o mesmo. Na estación da Cruña néganse a facilitar vagóns. A paraización do transporte de gando e a falla de salazón das carnes, sinifica a compra ruína d'ista provincia.— Xosé Tallado, presidente da *Sociedad de Labradores*; Manoel Rivas, segredario.»

Decatándose d'isto—e isto sonvos os verdadeiros intreses galegos—as «*Irmandades da Fala*» de Santiago, Vigo, Villalba, Ferrol, Monforte e a Cruña, de maneira espontánea, cuidando que os cunheiros e non cunheiros deputados galegos están na horta, dirixíronse ó Sr. Cambó, pregándolle apoiara ós labregos de Lugo na súa xusta, lexítima empresa.

E o ilustre leader da minoría rexionalista catalá atendeu o prego das «*Irmandades*», como atendera xa noutrora o de Ferrol en favor do ferrocarril da Costa, contestando con iste telefonema: «Me intereso cerca *Compañía Norte* facilite vagones necesidades labradores Lugo, verdadeira justicia.»

D'ista nobre actuación—nobre pol-o que fai ó Sr. Cambó e as «*Irmandades*» dimos conta n'unha pequena nota oficiosa ós xornás *Voz de Galicia* e *Noroeste da Cruña*.

## Peneirando...

CADA ves que fala Besada, lembrámonos d'aquela copra que Luis de Tapia fixo pra amostar no Congreso:

*Nos ha dado la tostada el diputado por Lugo...*

Porque tedes que ver cantas cousas va-leiras de senso di o «Sr. González Besugo.»

Leimos unhas decraraciós suas feitas n'El Día.

Todas cheas de parvadas. Mas a suprema é ista: «España que era el país de mayor deuda y menos reservas metálicas, ha pasado, por consecuencia de la guerra, a ser una nación de menos deudas y mayores reservas.»

¡Pero Grullo estadista! ¡Non morredes de risa? González Besugo quer amostar con isto o progreso español. E fica c'o seu optimismo, mais lonxe que o doutor Pangloss.

Os países belixerantes d'Europa terán oxe mais deuda e menos reservas que España. Pro á hora da paz veránse co'as escolas, c'os camiños, co'as industrias, c'o comercio que xa tiñan; veránse organizados, definidos, europeizados. ¿E nós? ¡Ogalá tivéramos as grandes deudas e as poucas reservas dos países belixerantes d'Europa, en troques da súa persoalidade!

O conceuto do progreso que ten Besada é o mesmo que o dos infusorios na pingota d'auga.

E o progreso que ten por lema: «mal de moitos consolo de parvos.»

¿Qué sabedes do ferrocarril da Costa, ferroláns?

¿Ofercéuvolo o novo cunheiro que dín ven engayolándovos pra pescar un autá?

¿Gañáchedelo co'a vosa prudencia patriótica de suspender o mitins que organiza-ran as comisiós permanentes do Ferrol e de Xixon?

¿Qué pena, que tristura, amigos! Todo morto...

Xa veremos que resulta d'isa xuntanza Xixonesa.

O ensaio de compañía teatral que debutou na Cruña agora, pareznos dino de gabanzas.

Pode—como desexan seus fundadores—sere base d'unha brillante etapa de teatro rexional.

E merecente do apoio e a proteición de todol-os bos galegos.

Fai falla que os que teñan condiciós de autores cómicos e dramáticos se dían conta d'isto.

O teatro galego inda é probe e anticuado. Inda non chegou a il a modernidade, o xeito europeo.

Queremos teatro galego: pro namentras non sexa bô, perferibre é que o non haxa.

En ningures coma na escea podemos caere no ridículo.

Pol-o demais, adiante, rapaces. Tedes vountade, senso artístico, e iso e o pirmeiro.

Podedes contar co' A NOSA TERRA e co'as «*Irmandades*».

A «xente ben», xente cursi, xa vemos que non quere nada de vos.

Sifórades «divos» galanos... ¡Aid'aquela!...

\*\*\*

Houbo en Lugo e no Ferrol festas enxebres. N'elas cantouse o noso hino: o hino galego.

Oyéuse pol-as xentes, en pe e descubertos.

¿E quen impuxo isto? ¿Non fono aqueles irmáns na Fala cruñeses que chamaron bárbaros algús cursis?

Eisí é todo na vida.

~~~~~

Axiña dará unha conferencia, que será com' o escomenzo da outa campaña galeguista, na «*Irmandade da Fala*» da Cruña, noso elocueante e culto correligionario o catedrático da *Universidá de Compostela*, Luis Porteiro Garea.

Esbozará o programa das nosas prúsimas actuacións, con verdadeira craridade.

Non será bô irmán quen non acuda o oilo. Ao que falle coidarémolo desertore da causa.

~~~~~

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE Ramón Cabanillas

De venda en todas as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

### FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.) MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS**

**RON LA LUCÍE**

**OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

### Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

## PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

### BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

### LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL**

### H. LA PALOMA

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

### LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóa e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO-VIGO**

### FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL



Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA**

### Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS  
SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

### VALLE DE MONTERREY - Oupense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


### NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.



## COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

### LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira á Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario.

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.